

RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES



DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

CURSO 2023/2024

O programa de recuperación do Departamento de Xeografía e Historia consta de dúas avaliacións parciais e unha avaliación final ordinaria

PENDENTES DE XEOGRAFÍA E HISTORIA 2º ESO

Caderno de pendentes:

En cada unha destas avaliacións o alumnado con materias pendentes do Departamento completará uns cadernos elaborados polo profesorado do Departamento. O primeiro dos cadernos estará dispoñible na Aula Virtual (Xeografía e Historia 2º ESO Pendentes), os outros dous inmediatamente despois da data de celebración dos exames das avaliacións parciais.

O alumnado deberá devolver os cadernos ao profesorado para a súa corrección o día en que se celebren os exames da materia, como data límite. En ningún caso se recollerán cadernos após as datas sinaladas.

Datas de celebración dos exames:

O día a hora concreta de celebración do exame será fixada pola Dirección do centro. As datas orientativas de celebración dos exames son as seguintes:

- Primeiro exame parcial: luns 20 de novembro.
- Segundo exame parcial: luns 19 de febreiro.
- Avaliación final ordinaria: luns 20 de maio.

O alumnado que deba realizar as probas de avaliación da materia pendente do curso anterior, presentarse no Salón de Actos do centro no día e hora sinalada, conforme as indicacións e aos plans de reforzo e recuperación previstos polo departamento didáctico.

Criterios de avaliación:

A nota do caderno será o 40% da cualificación de cada unha das avaliacións parciais. O 60% restante resérvase para a cualificación do exame. O alumnado que supere as dúas avaliacións iniciais terá, unicamente, que entregar o terceiro caderno na data sinalada. Nese caso, a nota final será a media das dúas avaliacións parciais e a do caderno do último trimestre.

O alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais deberá presentarse ao exame final. Para aprobar a materia, deberá sacar nesta proba unha nota superior a un cinco. A nota dese exame será a nota final da materia pendente.

Os exames versarán sobre cuestións traballadas previamente nos cadernos.

O redondeo de decimais será, a partir do medio punto, sempre positivo para o alumnado que teña unha avaliación positiva nos cadernos.